



CEIP VIRXE DE
COVADONGA

CAUNER

Avda. Ramón Otero Pedrayo 14 Bajo
Tf. 988 228 059 / 666 574 935
cauner@euromaster.com
OURENSE




**PIROTECNIA
JOSMAN**

ESPECIALIDAD EN COHETES DE TRUENO
SALVAS DE PEQUEÑA Y GRANDE DETONACIÓN
VARIEDAD EN VOLADORES NOCTURNOS

Teléfono 988 20 20 06
Part. 988 21 71 17
Móvil 677 40 31 90

Fábrica en CAMBEC
32100 OURENSE



COPLAS MAIOS 2024

Hoxe vimos aquí
falar sobre o clima
auga, aire e terra.
Soa a nosa rima.

Soa a nosa rima,
falamos do Planeta,
estámolo quentando,
destruíndo a atmosfera.

Destruíndo a atmosfera,
un tema importante
estade ben atentos
pode ser interesante.

Pode ser interesante,
agora imos continuar,
moitos temas preocupantes
hoxe queremos tratar.

Hoxe queremos tratar
porque isto está fatal.
A contaminación
témola que erradicar.

Témola que erradicar,
tamén está nas praias,
tamén está na area,
alá por onde vaias.

Alá por onde vaias,
verán, tamén outono,
pois sempre vai calor,
pobre capa de ozono!

Pobre capa de ozono,
estase a destruír,
e aí estamos todos,
e témonos que unir.

E témonos que unir,
baixar as emisións
do dióxido de carbono,
evitar a polución.

Evitar a polución
e o plástico nos mares,
pois non poden vivir
os pobres animais.

Os pobres animais,
estámolos matando,
e con moitas especies
estamos acabando.

Estamos acabando
coa biodiversidade.
É todo nosa culpa.
Sabedes que é verdade.

Sabedes que é verdade,
incendios, máis incendios,
pobre vexetación!
Xa veñen os bombeiros!

Xa veñen os bombeiros
para apagar o lume.
Ai, pobres, que traballo!
Non hai nen unha nube.

Non hai nen unha nube,
lixo por todas partes.
Podíamos reciclar
e non ter que ir a Marte.


E non ter que ir a Marte,
non hai que malgastar.
Consumiremos menos,
está nas nosas mans.

Está nas nosas mans
coidar o medio ambiente,
por iso volo dicimos,
está na nosa mente.

Está na nosa mente,
temos a solución.
Se todos nos unimos
conseguíremolo.

Conseguíremolo
veredes como o logramos.
Pensade un pouquiño.
Agora xa marchamos.

Agora xa marchamos
Ata o ano que vén,
que todo irá mellor.
Veredes vós que ben!



Depósito Legal: OU 14-2024

